



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

Asunto: Aprobación da lista definitiva de admitidos/excluídos á convocatoria para a contratación laboral temporal de 5 peóns/peoas forestais para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

Expte. Admvo. Núm.: 2026/E001/000003

Expte. Decreto Núm.: 2026/G003/000377

Mediante resolución de Alcaldía núm. 316/2026, de data 07/05/2026, aprobáronse as bases e a convocatoria de selección para a contratación laboral temporal de 5 peóns/peoas forestais para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe durante 9 meses, previa preselección realizada pola oficina do Servizo Público de Emprego de Carballo. Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026.

Con data do 12/05/2026 este concello presentou a oferta de emprego no Servizo de Emprego de Galicia, oficina de emprego de Carballo, tal e como reflicte o artigo 14.4 da Orde da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, de subvencións para o fomento do emprego no medio rural (Programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026).

A oficina de emprego de Carballo remitiu unha relación de persoas candidatas que se axustan ao perfil profesional solicitado para esta oferta, co número de oferta 12-2026-4256.

Realizadas as comunicación telefónicas ás persoas candidatas preseleccionadas polo oficina de emprego de Carballo e rematado o prazo de presentación de instancias procédese a aprobar a lista provisional de persoas admitidas e excluídas á mencionada convocatoria, considerando que na base 6.1 das bases de selección establece que “A resolución pola que se aproba a lista provisional de persoas admitidas e excluídas será definitiva no caso de non haber excluídas”.

Da relación de persoas candidatas preseleccionadas pola oficina de emprego de Carballo, presentáronse ao proceso selectivo 9 das 10 persoas remitidas.

Pola presente, esta Alcaldía de conformidade co establecido no art. 21.1.g) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local,

RESOLVE:

Primeiro. Aprobar, de acordo coa base 6ª da convocatoria para a contratación laboral temporal de 5 peóns/peoas forestais para o Servizo de xestión de biomasa e limpeza de montes no Concello de Laxe, programa Galicia Suma Talento: Rural Activo 2026, a lista provisional de persoas aspirantes admitidas (anexo I) á mencionada convocatoria.

Como anexo II inclúese a listaxe de persoas aspirantes que non acreditan o coñecemento do idioma galego.

Segundo. Elevar a lista provisional anterior a LISTA DEFINITIVA, de acordo coa base 6.1 das bases de selección, ao non haber ningunha persoa aspirante excluída.



CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es

Terceiro. Designar ao Tribunal Cualificador previsto na base 7ª que estará composto polos membros seguintes:

Presidenta: M^a Dolores Antelo Collazo, traballadora social deste concello.

Suplente: Emilia Alborés Lema, AEDL deste concello.

Vogais:

1. Alfredo Ángel Lema Agra, operario de servizos múltiples deste concello.

Suplente: José Manuel Santos Pose, operario de servizos múltiples deste concello

2. María del Carmen Varela Campos, orientadora laboral deste concello.

Suplente: Julio Torreira López, coordinador-monitor deportivo deste concello.

3. Joaquín Vidal Martínez, responsable OMX e oficina de turismo deste concello.

Suplente: Marcial Álvarez Pose, policía local deste concello.

Secretaria: Sandra Vázquez Mira, xefa de negociado de secretaria deste concello.

Suplente: Alejandra Castro Añón, administrativa deste concello.

Cuarto. Convocar ao tribunal para o **luns 25 de maio de 2026, ás 8.00 horas na casa do concello.**

Quinto. Convocar as persoas aspirantes admitidas para a realización das probas selectivas da fase de oposición para o **luns 25 de maio de 2026, ás 08.30 horas na Piscina municipal deste concello, sita na Rúa Isidro Parga Pondal, s/n, en Laxe.**

Sexto. Convocar as persoas aspirantes admitidas que non acreditaron estar en posesión do título de Celga 1 ou equivalente para a realización da proba de coñecemento do galego para **luns 25 de maio de 2026, ás 11.30 h, na Casa do Concello, sita na Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26, en Laxe.**

Sétimo. Expor a dita lista na sede electrónica municipal deste concello.

Mándoo e asínoo en Laxe, na data da sinatura incluída á marxe, o alcalde D. Francisco Charlín Oróns, do que eu como secretaria-interventora dou fe.

O alcalde

Asdo.: Francisco Charlín Oróns

A secretaria-interventora

Asdo.: Begoña Carrasco García

**CONCELLO DE LAXE (A CORUÑA)**

Avda. Cesáreo Pondal, núm. 26 – CP 15117 – Teléfono: 981 706 903

Fax: 981 728 025 – E-mail: correo@laxe.es**ANEXO I: LISTAXE DEFINITIVA DE PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS PARA 5 POSTOS DE PEÓNS/PEOAS FORESTAIS (Núm. Oferta oficina de emprego de Carballo: 12-2026-4256)**

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALBORÉS POSE, JOSÉ RAMÓN	***6631**
2	CASTRO RODRÍGUEZ, MARÍA LUZ	***6955**
3	DE PINHO DIAS, MIGUEL ALBERTO	***3163**
4	DOMÍNGUEZ LIÑEIRO, MARÍA SAGRARIO	***6916**
5	GÓMEZ BLANCO, CARMEN ESTRELLA	***2585**
6	LEMA GARCÍA, SAMUEL	***0115**
7	MOUZO PÉREZ, ADRIÁN	***1201**
8	VALIÑÁ RODRÍGUEZ, MARÍA MERCEDES	***3436**
9	VIDAL MIÑONES, DULZURA	***5955**

ASPIRANTES EXCLUÍDOS:

Ningún

ANEXO II: PERSOAS ASPIRANTES ADMITIDAS QUE NON ACREDITAN O COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO

Nº	APELIDOS E NOME	DNI
1	ALBORÉS POSE, JOSÉ RAMÓN	***6631**
2	CASTRO RODRÍGUEZ, MARÍA LUZ	***6955**
3	DE PINHO DIAS, MIGUEL ALBERTO	***3163**
4	DOMÍNGUEZ LIÑEIRO, MARÍA SAGRARIO	***6916**
5	GÓMEZ BLANCO, CARMEN ESTRELLA	***2585**
6	VIDAL MIÑONES, DULZURA	***5955**